



## MEMORIA FUNCIONAL XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas.

A través da relación de postos de traballo a correspondente administración pública procura organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación de servizos públicos.

Nesta modificación da RPT propoñemos, a creación de 17 postos derivada da aplicación do Acordo sobre as condicións de traballo do persoal dos centros de xestión propia da consellería de Política Social e Xuventude, a creación dunha xefatura de servizo e dunha xefatura de sección na secretaría xeral Técnica.

En virtude de todo o exposto, propoñemos as seguintes creacións, modificacións e amortizacións:

### 1.-CREACIÓNS

#### 1.1.- Creación de postos derivada do Acordo sobre condicións de traballo.

O 5/12/2023 asinouse o Acordo sobre as condicións de traballo do persoal dos centros de xestión propia da consellería de Política Social e Xuventude.

Unha vez analizadas as carteleiras dos centros afectados polos cambios nas condicións de traballo, propoñemos a creación de 17 postos para axustar os cadros de persoal e garantir a prestación dos servizos públicos:





CENTRO	DENOMINACIÓN POSTO	NÚMERO POSTOS	nivel/ grupo- categ	OBSERVACIÓNS
RESIDENCIA DE MAIORES DE BURELA	AUXILIAR DE CLÍNICA	2	C2_15	HORARIO ESPECIAL
RESIDENCIA DE MAIORES DE MARÍN	SUBALTERNO/A	1	AP_10	HORARIO ESPECIAL
ESCOLA INFANTIL AS MARIÑAS	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL O VENTORRILLO	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL Nª Sª PURIFICACIÓN	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL PARADAI	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL DE CELEIRO	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL ANTELA	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL BOUZAS	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL RELFAS	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL DE CABRAL	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	





CENTRO	DENOMINACIÓN POSTO	NÚMERO POSTOS	nivel/ grupo- categ	OBSERVACIÓNS
ESCOLA INFANTIL COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE VIGO	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL O TOXO	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL DE REDONDELA	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL DE MARÍN	TÉCNICO/A ESPECIALISTA XARDÍN DE INFANCIA	1	C1_18	
ESCOLA INFANTIL DE MARÍN	CAMAREIRO/A LIMPADOR/A	1	AP_10	

## 1.2.- Secretaría xeral Técnica: subdirección xeral de Contratación e Control.

Na actualidade este centro directivo viu incrementado considerablemente a súa carga de traballo, debido entre outras circunstancias, a execución dos proxectos do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia (PRTR), e a xestión do investimento novo e de reposición asociado á rede pública de centros adscritos á consellería de Política Social e Xuventude.

Consonte o anterior propoñemos a amortización de dous postos de secretario/a de vicesecretario/a xeral e de subdirector/a xeral de Contratación e Control con códigos PS.C02.00.001.15770.002 e PS.C02.00.004.15770.002, respectivamente, e a creación dunha Xefatura de Sección, aberta aos subgrupos A1, A2 e C1 de nivel 25.

Optamos pola creación dunha **xefatura de sección contratación administrativa II nivel 25, subgrupos A1/A2/C1, xeral, AXG, área funcional CON** dado que as funcións que deberá asumir este posto son de carácter administrativo e técnico, consistentes na preparación de





pregos de contratación, tramitación de expedientes de contratación administrativa a través da plataforma Plation, xustificación aos distintos organismos da execución dos fondos PRTR, carga das actuacións na aplicación CoFEE e a coordinación dos proxectos PRTR desta secretaría xeral.

Así mesmo, a esta xefatura de sección tamén se lle encomendarían as tarefas de asociadas ao investimento en adquisición e/ou reposición de equipamentos: tramitación administrativa e económica dos expedientes de contratación, así como o seguimento, execución, control e coordinación dos plans de equipamento nas fases de deseño, adquisición, recepción e distribución.

De acordo o exposto estas tarefas necesitan dun perfil de maior nivel administrativo polo que resulta absolutamente imprescindible a amortización dos dous postos de nivel 16, secretario/a de vicesecretario/a xeral e de subdirector/a xeral, para a creación dun posto de xefatura de sección, nivel 25.

### **1.3.- Secretaría xeral Técnica: subdirección xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade.**

O 15/12/2023 publicouse no DOG o Decreto 149/2023, do 7 de decembro, polo que se modifica o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Política Social e Xuventude. Co obxecto de acadar unha maior especialización e eficiencia na xestión, dótase a subdirección xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade dun servizo de valoración específico para a discapacidade, o que obriga a modificar a denominación do Servizo de Valoración da Dependencia e da Discapacidade e limitar as súas funcións a área de valoración de dependencia.

Tendo en conta o anterior, a subdirección xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade contará cos seguintes servizos:

- Servizo de Valoración da Dependencia: O actual Servizo de Valoración da Dependencia e da Discapacidade pasará a denominarse Servizo de Valoración da Dependencia.
- Servizo de Valoración da Discapacidade: a este servizo, de nova creación correspóndenlle o exercicio das seguintes funcións:

Secretaría Xeral Técnica  
Edificio Administrativo San Caetano, 8A  
15781 Santiago de Compostela  
+34 981 54 56 53  
[subdireccionpersoal.politicasoal@xunta.gal](mailto:subdireccionpersoal.politicasoal@xunta.gal)



- a) O apoio e coordinación das xefaturas territoriais nos procedementos de acceso ao recoñecemento do grao de discapacidade.
- b) O seguimento e avaliación do procedemento de valoración da discapacidade e dos recursos sociais deste ámbito de intervención.
- c) O asesoramento técnico en materia de discapacidade aos servizos sociais comunitarios e unidades de traballo social do sistema de saúde.

Polo exposto, e como consecuencia da modificación da estrutura orgánica da consellería, propónse a creación dunha **xefatura de servizo de Valoración da Discapacidade subgrupos A1/A2, nivel 28, complemento específico 28A, xeral, CE, A15, formación específica 640**. Propoñemos que a xefatura de servizo estea aberta a A15 para ampliar as posibilidades de cobertura do posto.

## 2.-MODIFICACIÓNS.

### 2.1.-Secretaría xeral Técnica. Modificación denominación centros directivos.

O 15/12/2023 publicouse no DOG o Decreto 149/2023, do 7 de decembro, polo que se modifica o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Política Social e Xuventude. Tendo en conta o anterior, propoñemos as seguintes modificacións:

- Modificar a denominación do Servizo de Contratación e Control Económico Contractual eliminando a referencia ao control económico contractual por resultar esta nova denominación máis acorde ás funcións do servizo polo que, pasaría a denominarse Servizo de Contratación e Control.
- Na área de proxectos cómpre modificar a denominación da subdirección xeral de Proxectos e Accesibilidade que pasaría a denominarse Subdirección Xeral de Proxectos e Informes Técnicos Sectoriais.





## 2.2.- Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Modificación área funcional.

O DECRETO 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Política Social e Xuventude no artigo 33. Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa recolle: "A este servizo, órgano de apoio co nivel orgánico de servizo con dependencia directa da persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, corresponderanlle a xestión e o control do pagamento das axudas e subvencións, así como a **xestión económica e de contratación administrativa** para os programas e actividades xestionados pola Dirección Xeral, sen prexuízo do control e coordinación que lle corresponda á Secretaría Xeral Técnica".

No servizo de Xestión e Coordinación Admtva. todas os postos agás a xefatura de servizo están encadrados na área funcional ECO de acordo coas funcións recollidas no decreto de estrutura.

Polo exposto, solicitamos que no posto PS.C07.00.000.15770.080- xefatura servizo de Xestión e Coordinación Admtva. figure na área funcional **ECO** (ECONÓMICO-ORZAMENTARIA).

## 2.3.-Secretaría Xeral Técnica. Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais.

Despois da modificación do artigo 41.2 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, desaparece como exigencia estar en posesión do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais.

Como consecuencia, propoñemos a eliminación na RPT do requisito indispensable de estar en posesión do citado curso e que figure como mérito para os seguintes postos:

PS.C02.00.005.15770.006,	PS.C02.00.005.15770.007,	PS.C02.00.005.15770.008,
PS.C02.00.005.15770.009,	PS.C02.00.005.15770.022,	PS.C02.00.005.15770.027,
PS.C02.00.005.15770.028,	PS.C02.00.005.15770.029,	PS.C02.00.005.15770.030,
PS.C02.00.005.15770.033,	PS.C02.00.005.15770.034,	PS.C02.00.005.15770.035,
PS.C02.00.005.15770.036,	PS.C02.00.005.15770.037	





Todos estes postos deben incluír como formación específica o permiso de conducir B (código 954) (RI) e o curso de inspección de servizos sociais (código 341) (mérito).

#### 2.4.- Residencia de maiores de Marín.

Aos postos de enfermeiro/a **PS.C99.40.801.36260.005**, **PS.C99.40.801.36260.004** debe engadírselle "horario especial". En caso contrario habería dúas enfermeiras en quenda de mañá de luns a venres e polas tardes e fins de semana non habería ninguén.

As dúas empregadas públicas actualmente ocupantes destes postos mostraron por escrito a súa conformidade.

#### 2.5.- Casas de xuventude de Tui e Vilagarcía

Os postos de subalerno **PS.C99.20.201.36540.005** e **PS.C99.20.201.36590.004** teñen horario especial e se converteron recentemente a xornada completa, propoñemos que se engada "xornada partida" co fin de axustarse ao horario de apertura destes centros.

Os empregados públicos actualmente ocupantes destes postos (subalerno da Casa da Xuventude de Tui (titular y substituto) e subalerno de Casa Xuventude Vilagarcía mostraron por escrito a súa conformidade.

#### 2.6.- Centro sociocomunitario de Pontevedra.

Ao posto de subalerno **PS.C99.40.601.36001.010** debe engadírselle "horario especial" ao igual que os outros postos de subalerno deste centro, co fin de formalizar correctamente a carteleira.

A empregada pública actualmente ocupante deste posto mostrou por escrito a súa conformidade.





### 3.- AMORTIZACIÓNS.

#### 3.1.- Secretaría xeral Técnica: subdirección xeral de Contratación e Control.

- O posto PS.C02.00.001.15770.002, nivel 16, subgrupos C1/C2, xeral, AXG é vacante, ofertouse en comisión de servizos e non se presentou ningunha solicitude para a súa cobertura.
- O posto PS.C02.00.004.15770.002, nivel 16, subgrupos C1/C2, xeral, AXG é vacante, ofertouse en comisión de servizos e non se presentou ningunha solicitude para a súa cobertura.

Ademais da razón anteriormente exposta, temos que sinalar que na actualidade dadas as funcións encomendadas á secretaría xeral Técnica, como órgano responsable da xestión dos fondos europeos incardinados no PRTR, e máis concretamente á subdirección Xeral de Contratación e Control Orzamentario (unidade á que se adscribirá a Xefatura de Sección que se pretende crear) precisamos contar cun posto de maior nivel que poida asumir actuacións de gran calado relativas á xestión do PRTR; xa que esta unidade ten que executar os proxectos, xa en marcha, de actuacións de investimento nos centros de coidados de longa duración (residencias para persoas maiores, centros de día e para persoas con discapacidade), así como na liña de infraestruturas e equipamento para centros de protección á infancia.

Así mesmo a rede de centros públicos adscrita á consellería de Política Social e Xuventude, cun espectro moi amplo e heteroxéneo, precisa realizar un investimento continuado, para garantir un funcionamento e unhas prestacións ás persoas usuarias que redunden no seu benestar. Para acadar este obxectivo é imprescindible contar con recursos humanos específicos, como é a Xefatura de Sección, que nesta subdirección realicen un seguimento, para que os investimentos que se programen respondan ás necesidades a atender, polo que resulta necesario realizar un deseño do equipamento específico e tan heteroxéneo a adquirir, así como a tramitación administrativa dos expedientes de contratación, a función de xestión económica e incluso a orzamentaria.





### 3.2.- Secretaría xeral Técnica: subdirección xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade.

- O posto PS.C02.00.000.15770.065, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG é vacante dende o 31/10/2016.
- O posto PS.C02.00.000.15770.053, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG é vacante dende o 11/01/2017.
- O posto PS.C07.00.000.15770.036, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG é vacante dende o 07/03/2019.

Propónse a amortización destes postos ante a dificultade da súa cobertura e co fin último de xerar os recursos económicos precisos para crear un posto de xefatura de servizo de valoración da Discapacidade. As funcións da subdirección xeral de valoración da dependencia e da discapacidade están claramente diferenciadas en dúas áreas, unha coas funcións propias do servizo de valoración da dependencia e outra coas funcións de valoración da discapacidade.

A creación do servizo de Valoración da Discapacidade permitirá dar un tratamento específico e diferenciado ao tratamento das valoracións de dependencia e discapacidade, redundando nunha maior eficacia na súa xestión, o que resulta de especial relevancia tendo en conta a entrada en vigor do Real decreto 888/2022, do 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e do novo decreto que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia.

Este nova xefatura de servizo permitirá por unha banda darlle un tratamento especializado ás materias propias de valoración da dependencia e da discapacidade, e por outra banda redundará nunha mellora xestión de dúas áreas de goberno especialmente sensibles debido a que repercuten nos sectores da sociedade mais vulnerables.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.





O 25/01/2024 tivo entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (en diante DXSA) un escrito da Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Política Social e Xuventude (en diante a consellería) no que se solicitaba o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) do devandito departamento.

A dita solicitude acompañábase da seguinte documentación:

- Memoria funcional xustificativa

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e con base nas competencias que lle confire o artigo 25 apartado 2.F.a) do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSA emite o seguinte

## INFORME

**PRIMEIRO.** A modificación proposta ten por obxecto a creación de 17 postos de traballo derivada do Acordo sobre condicións de traballo do persoal dos centros de xestión propia da Consellería de Política Social e Xuventude, asinado o 05/12/2023 (en diante o Acordo); a creación dunha xefatura de servizo e unha xefatura de sección na Secretaría Xeral Técnica así como a modificación e amortización de diversos postos de traballo.

**SEGUNDO.** A proposta de modificación de RPT que se somete ao informe da DXSA, en síntese, consiste no seguinte:

- a) Creación de 19 postos de traballo.
  - a.1) Creación de 17 postos de traballo derivada do Acordo.
  - a.2) Creación de dous postos de traballo na Secretaría Xeral Técnica.





- b) Modificación de diversos postos de traballo.
- c) Amortización de cinco postos de traballo.

**TERCEIRO.** As cuestións que ocupan a proposta que se informa son as seguintes:

- a) Creación de 19 postos de traballo:

- a.1) Creación de 17 postos de traballo derivada do Acordo:

O 29/12/2023 publicouse no DOG unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social e Xuventude na que se crearon 129 postos de traballo nos centros de xestión propia deste departamento co fin de axustar os cadros de persoal para garantir a prestación dos servizos, logo de realizar os cálculos das compensacións establecidas no Acordo.

Unha vez analizadas as carteleiras dos centros, detectáronse necesidades adicionais de persoal, motivo polo que se propón a creación dos seguintes 17 postos de traballo:

CENTRO	DENOMINACIÓN POSTO	NÚMERO POSTOS	NIVEL/GRUPO-CATEG.	OBSERVACIÓNS
Residencia de maiores de Burela	Auxiliar clínica	2	C2-15	HORARIO ESPECIAL
Residencia de maiores de Marín	Subalterno/a	1	AP-10	HORARIO ESPECIAL
Escola infantil As Mariñas	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil o Ventorrillo	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil Nª Sª Purificación	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil Paradai	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	





Escola infantil de Celeiro	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil Antela	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil Bouzas	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil Relfas	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil de Cabral	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil complexo administrativo de Vigo	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil O Toxo	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil de Redondela	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil de Marín	Técnico/a especialista xardín infancia	1	C1-18	
Escola infantil de Marín	Camareiro/a limpador/a	1	AP-10	

a.2) Creación de dous postos de traballo na Secretaría Xeral Técnica:

- Subdirección Xeral de Contratación e Control  
Propónse a creación dunha xefatura de sección de contratación administrativa II, nivel 25, subgrupos A1/A2/C1, corpo Xeral, AXG, área funcional CON (contratación) dado que as funcións que deberá asumir este posto serán de carácter administrativo e técnico, dentro das que se inclúen a tramitación dos expedientes de contratación, a xustificación aos distintos organismos da execución dos fondos PRTR ou a coordinación dos proxectos PRTR da Secretaría Xeral Técnica.  
Segundo se recolle na memoria funcional remitida, esta creación xustifícase polo incremento da carga de traballo que





experimentou este centro directivo, derivado, fundamentalmente, da execución dos proxectos do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia (PRTR), así como da xestión do investimento novo e de reposición asociado á rede pública de centros adscritos á Consellería de Política Social e Xuventude, para garantir un funcionamento e unhas prestacións ás persoas usuarias que redunden no seu benestar. Para a xestión dos fondos europeos incardinados no PRTR precísase contar cun posto de maior nivel que poida asumir actuacións de gran calado relativas á xestión dos ditos fondos.

Para financiar a creación deste posto, propónse a amortización dos dous seguintes postos de traballo de nivel 16, que están vacantes e sen ocupar, ofertáronse en comisión de servizos e non se presentou ningunha solicitude para a súa cobertura:

- Secretario/a de vicesecretario/a xeral, con código PS.C02.00.001.15770.002, subgrupos C1/C2, xeral, AXG.
- Secretario/a de subdirector/a xeral de Contratación e Control, con código PS.C02.00.004.15770.002, subgrupos C1/C2, xeral, AXG.

➤ Subdirección Xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade

O 15/12/2023 publicouse no DOG o Decreto 149/2023, do 7 de decembro, polo que se modifica o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Para acadar unha maior especialización e eficiencia na xestión, creouse na Subdirección Xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade, un servizo específico de valoración da discapacidade, o que determina a modificación da denominación do actual Servizo de Valoración da Dependencia e da Discapacidade, así como a limitación das súas funcións á área de valoración da dependencia.

Desta forma, esta subdirección xeral contará cos seguintes dous servizos:





- Servizo de Valoración da Dependencia: o actual Servizo de Valoración da Dependencia e da Discapacidade pasará a denominarse Servizo de Valoración da Dependencia.
- Servizo de Valoración da Discapacidade: servizo de nova creación, aberto aos subgrupos A1/A2, nivel 28A, corpo Xeral, CE, A15, formación específica 640. Proponse a apertura A15 para facilitar a súa cobertura.

Segundo se recolle na memoria funcional remitida, a creación deste Servizo de Valoración da Discapacidade permitirá dar un tratamento específico e diferenciado ás valoracións de dependencia e discapacidade, o que redundará nunha maior eficacia na xestión de dúas áreas de goberno especialmente sensibles debido a que repercuten nos sectores da sociedade máis vulnerables.

Para financiar a creación deste servizo proponse a amortización dos seguintes tres postos de traballo de nivel 12 que están vacantes e sen ocupar:

- O posto con código PS.C02.00.000.15770.065, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG, vacante dende o 31/10/2016.
- O posto con código PS.C02.00.000.15770.053, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG, vacante dende o 11/01/2017.
- O posto con código PS.C07.00.000.15770.036, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG, vacante dende o 07/03/2019.

#### b) Modificación de diversos postos de traballo:

b.1) Secretaría Xeral Técnica. Modificación da denominación de dous centros de destino.

O 15/12/2023 publicouse no DOG o Decreto 149/2023, do 7 de decembro, polo que se modifica o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude. Propóñense as seguintes modificacións derivadas do establecido no devandito decreto:





- O Servizo de Contratación e Control Económico Contratual pasa a denominarse Servizo de Contratación e Control, por resultar unha denominación máis acorde coas súas funcións actuais.
- A Subdirección Xeral de Proxectos e Accesibilidade pasa a denominarse Subdirección Xeral de Proxectos e Informes Técnicos Sectoriais, por resultar unha denominación máis acorde coas funcións actuais.

b.2) Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Modificación da área funcional dun posto de traballo.

No Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa todos os postos, agás a xefatura de servizo, están encadrados na área funcional ECO, de acordo coas funcións establecidas no decreto de estrutura, entre as que se atopan a xestión económica e de contratación administrativa para os programas e actividades xestionados pola Dirección Xeral.

Por este motivo, propónse encadrar na área funcional ECO (económico-orzamentaria) o posto con código PS.C07.00.000.15770.080 e denominación Xefatura de Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

b.3) Secretaría Xeral Técnica: Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais. Modificación do requisito indispensable de diversos postos de traballo.

A modificación do artigo 41.2 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, establece a non existencia de estar en posesión do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais, motivo polo que se propón eliminar na RPT o requisito indispensable de estar en posesión do mencionado curso, que pasará a incluírse como mérito (código 341) nos seguintes 14 postos de traballo:

PS.C02.00.005.15770.006

PS.C02.00.005.15770.007

PS.C02.00.005.15770.008

PS.C02.00.005.15770.009





PS.C02.00.005.15770.022  
PS.C02.00.005.15770.027  
PS.C02.00.005.15770.028  
PS.C02.00.005.15770.029  
PS.C02.00.005.15770.030  
PS.C02.00.005.15770.033  
PS.C02.00.005.15770.034  
PS.C02.00.005.15770.035  
PS.C02.00.005.15770.036  
PS.C02.00.005.15770.037

Todos estes postos deben incluír en formación específica o permiso de conducir B (código 954), (RI).

b.4) Residencia de maiores de Marín. Engadir observacións a dous postos de traballo.

Proponse engadir a observación HORARIO ESPECIAL aos dous postos de traballo de enfermeiro/a da Residencia de maiores de Marín, con código PS.C99.40.801.36260.004 e PS.C99.40.801.36260.005, co fin de que poidan traballar a quendas. En caso contrario, habería dúas presenzas de persoal de enfermería en quenda de mañá de luns a venres e polas tardes e fins de semana non habería ningunha.

As persoas que ocupan actualmente estes postos mostraron a súa conformidade por escrito.

b.5) Casas da xuventude de Tui e Vilagarcía. Engadir observacións a dous postos de traballo.

Proponse engadir XORNADA PARTIDA aos postos de subalterno/a con código PS.C99.20.201.36540.005 e PS.C99.20.201.36590.004, da Casa da xuventude de Tui e Vilagarcía, respectivamente. Estes postos teñen horario especial e convertéronse recentemente a xornada completa; proponse engadir xornada partida co fin de axustarse ao horario de apertura dos centros.







As persoas que ocupan actualmente estes postos, tanto titular na Casa da xuventude de Vilagarcía, como titular e substituto, na Casa da xuventude de Tui, mostraron a súa conformidade por escrito.

b.6) Centro sociocomunitario de Pontevedra. Engadir observacións a un posto de traballo.

Proponse engadir a observación HORARIO ESPECIAL ao posto de subalterno/a do centro sociocomunitario de Pontevedra, con código PS.C99.40.601.36001.010, para igualalo cos outros postos de persoal subalterno deste centro.

A persoa que ocupa actualmente este posto mostrou a súa conformidade por escrito.

c) Amortización de cinco postos de traballo.

Proponse amortizar os seguintes cinco postos de traballo vacantes e sen ocupar, co fin de xerar os recursos económicos necesarios para a creación de postos proposta no apartado terceiro a.2) deste informe.

- O posto con código PS.C02.00.001.15770.002, nivel 16, subgrupos C1/C2, xeral, AXG.
- O posto con código PS.C02.00.004.15770.002, nivel 16, subgrupos C1/C2, xeral, AXG.
- O posto con código PS.C02.00.000.15770.065, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG.
- O posto con código PS.C02.00.000.15770.053, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG.
- O posto con código PS.C07.00.000.15770.036, nivel 12, subgrupo C2, xeral, AXG.





#### **CUARTO. Custos**

En relación coa memoria económica, pronunciárase a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Á vista de todo o anterior, esta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social e Xuventude.

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

*(Documento datado e asinado dixitalmente na marxe)*

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E  
XUVENTUDE

Dirección Xeral de Simplificación  
Administrativa  
Edifícios administrativos - San Caetano s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.conselliadefacenda.es](http://www.conselliadefacenda.es)





## INFORME SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

### ANTECEDENTES

#### Único.- Solicitud de informe

Esta Dirección Xeral da Función Pública o 25.01.2024 recibe, da Consellería de Política Social e Xuventude, memoria sobre a modificación da relación de postos de traballo da consellería.

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, de data 26.01.2024 preceptivo de conformidade co disposto no artigo 25.2.C.b) do *Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública* (DOG núm. 120, do 23/06/2022). Non consta a acta de negociación previa coas organizacións sindicais.

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 24.2.o) do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, esta Dirección Xeral da Función Pública emite o seguinte,

### INFORME

#### Primeiro.- Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 59/2023, do 14 de xuño, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 113, do 15 de xuño) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes vicepresidencias e consellerías:

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Consellería de Política Social e Xuventude.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Consellería do Medio Rural.
- Consellería do Mar.





## Segundo.- Estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 79/2023, do 22 de xuño, fixou a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 23 de xuño).

Este decreto, no seu artigo 7, establece que a **Consellería de Política Social e Xuventude** estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica
2. Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
3. Dirección Xeral de Inclusión Social
4. Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade
5. Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
6. Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

b) Queda adscrita a esta consellería:

- Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo

## Terceiro.- Estrutura orgánica da Consellería Política Social e Xuventude

A actual estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude está establecida no Decreto 149/2023, de 7 de decembro, polo que se modifica o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude (Dog nº 237 do 15 de decembro).

## Cuarto.- Obxecto de informe

É obxecto do presente informe a modificación, con carácter de urxencia, da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social e Xuventude, maiormente en canto a:

